

O MERCADO DO CARACOL. INSTRUCCIÓN DE USO

A filosofía deste proxecto

O Mercado do Caracol ten tres obxectivos concretos:

- Crear un espazo de solidariedade veciñal dando a oportunidade á veciñanza de vender/trocar/doar obxectos domésticos coa finalidade de que outros veciños e veciñas podan adquirilos/trocalos.
- Desenvolver na veciñanza hábitos sostibles e de consumo responsable.
- Dar a oportunidade á veciñanza de redescubrir á Rúa do Home Santo e a súa contorna ao tempo que se dinamiza o seu tecido empresarial.

A idea, xa que logo, é que esas cousas que sobran nas nosas casas e que están en bo uso podan ser aproveitadas por outras veciñas e veciños. Son tempos difíciles e queremos ofrecer a todos e todas a oportunidade de adquirir cousas que podan necesitar a un custe razoable (ou cero).

Poderá haber postos de venda, troco ou doazón ou nun mesmo posto poderás desenvolver calquera destes procedementos de intercambio. Interactua!

Teño unha morea de trapalladas e quero levalas, que fago?

- Avalía se o que tes pode ser reutilizado. Se está en estado de uso razoable, se está limpo,...
- Ponte en contacto con nós, a través do correo electrónico (olho, este enderezo mail só servirá para este evento concreto): **axuntanza01@gmail.com**
- Indicanos nel os teus datos de contacto, características das cousas que queres levar (un pouco por enriba) e canto espazo de rúa precisarías.
- Recibirás unha resposta confirmando a túa petición e informando dos detalles concretos (hora de chegada e recollida, etc.)
- Convida ás túas amizades e veciñanza a visitar o teu espazo e o mercado.
- A partir das 10, vai á Rúa do Home Santo e monta o teu posto; o mercado abre ás 11 e pechará contra ás 14h.

Recomendacións prácticas

- Pensa en cómo levar as túas cousas (preferentemente a pé, claro). Podes usar unha maleta, un carriño da compra, ...
- Deseña o teu posto. Unha mesa plegable? Una manta/alfombra vella no chan? Expresate e fai atractivo o teu espazo.
- Os prezos:
 - Lembra que podes vender, trocar ou doar.
 - Se decides vender, tes que pensar o prezo de cada produto. Se queres liberar o teu karma e viaxar lixeira á volta, pon prezos razoables e asequibles.
 - Na venda, a determinación do prezo está nun equilibrio delicado entre o que ti pides e o que a outra persoa pode pagar.
- Se tes obxectos voluminosos, leva unha ou varias fotos que poderás ensinar no teu

posto para facer o trato.

Nota importante

- Se a previsión meteorolóxica é negativa, a actividade cancelárase, estate atento/a á web da Xuntanza (www.axuntanza.org) ou as redes sociais.
- Non aceptaremos propostas fóra de prazo.
- Este é un mercado veciñal organizado polo voluntariado, ten paciencia, colabora e participa.
- Tes algunha idea, escríbenos a info@axuntanza.org pero mira que aquí non recollemos inscricións.